

## **ORDENANZA Nº III.1 REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E UTILIZACIÓN DO AUDITORIO E OUTRAS INSTALACIÓNS DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA**

\*\*\*\*\*

### **FUNDAMENTO E OBXECTO**

#### **Artigo 1**

**1.1.** De conformidade co disposto no artigo 41 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello de Vilagarcía de Arousa establece o prezo público pola prestación de servizos e utilización do Auditorio e demais instalacións municipais.

**1.2.** Será obxecto da exacción do prezo público regulado nesta ordenanza, a prestación de servizos e utilización das seguintes instalacións municipais:

- A) AUDITORIO.
- B) OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

### **OBRIGADOS AO PAGAMENTO**

#### **Artigo 2**

Están obrigados ó pagamento do prezo público regulado nesta ordenanza, as persoas e entidades que soliciten a prestación de servizos e utilización das instalacións municipais.

### **TARIFAS**

#### **Artigo 3**

**3.1.-**Establécense as seguintes tarifas:

- A) AUDITORIO:
  - SALÓN DE ACTOS.....264,70 €/día
  - SALÓN DE CONFERENCIAS..... 15,25 €/hora
  - SEMINARIOS: Nº 1, Nº 2:..... 10,20 €/hora
  - SALA DE EXPOSICIÓNS..... 50,90 €/semana
  - CORREDORES E ESPAZOS ABERTOS PARA EXPOSICIÓN..... 25,45 €/ semana
  - PERSOAL PARA CARGA E DESCARGA OU OUTROS..... 10,20 €/persoa/hora

B) OUTRAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS:

B.1.) SALÓN GARCIA (CASA CULT. VILAGARCÍA, Rúa Alcalde Rey Daviña)

- SALÓN GARCÍA..... 132,35 €/día
- PERSOAL PARA CARGA E DESCARGA OU OUTROS..... 10,20 €/persoa/hora

B.2.) PRAZA DA PEIXERÍA:

- Cota fixa..... 50,90 €/día
- Á cota fixa sumarase as seguintes tarifas:
  - Utilización palco (8x5 m2)..... 25,45 €
  - Utilización mesas (cada 10 ou fracción)..... 15,25 €
  - Utilización cadeiras (cada 100 ou fracción)..... 10,20 €
  - Utilización equipo de son (grande)..... 10,20 €/hora
  - Utilización equipo de son (pequeno)..... 5,10 €/hora
  - Persoal para carga e descarga ou outros..... 10,20 €/persoa/hora

**3.2.-** INCREMENTO DAS TARIFAS DOS APARTADOS ANTERIORES:

- Despois das 22:00 hora ata as 24:00 horas as tarifas indicadas incrementaranse nun 25%.
- Das 24:00 horas en diante as tarifas indicadas incrementaranse nun 50%.

**3.3.-** A Xunta de Goberno Local, previos os informes pertinentes, poderá valorar a necesidade de consignar unha fianza por importe mínimo de 30,00 € e un máximo de 300,00 €, para responder dos posibles danos ou deterioro nas instalacións municipais. Os interesados deberán solicitar a devolución do importe da fianza, unha vez rematada a prestación do servizo ou utilización das instalacións, cos informes favorables pertinentes.

**3.4.-** As cotas sinaladas nas tarifas teñen carácter irredutible.

**3.5.-** Facúltase á Xunta de Goberno Local para a actualización ó IPC dos prezos contidos na presente Ordenanza, de conformidade coa habilitación legal contida no artigo 47.1 do RDL 2/2004.

## **OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO**

### **Artigo 4**

**4.1.-** A obrigación de pagamento xorde coa prestación de servizos e utilización do Auditorio ou resto de instalacións municipais, especificadas nas tarifas desta ordenanza.

**4.2.-** Están exentos de pagamento as actividades ou actos de calquera índole patrocinados ou organizados polo Concello de Vilagarcía de Arousa, ben directamente ou ben a través doutras entidades.

Tampouco estarán obrigados ó pagamento das tarifas as actividades ou actos organizados por:

- Asociacións de veciños ou culturais que teñan cedido o uso das instalacións municipais a través do correspondente convenio aprobado pola Xunta de Goberno Local.
- Asociacións sen fins de lucro, legalmente constituídas.
- Colexios, centros de ensino e ANPAS de Vilagarcía de Arousa
- Institucións benéficas.
- Entidades deportivas de Vilagarcía de Arousa.

## **NORMAS DE PROCEDIMENTO E XESTIÓN**

### **Artigo 5**

**5.1.-** As persoas ou entidades interesadas na organización das actividades deberán dirixir a súa solicitude ó Sr./Sra. Alcalde/sa-Presidente/a do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa antelación que se estableza no Regulamento de uso e funcionamento das instalacións do Auditorio e outras instalacións municipais.

As persoas ou entidades interesadas na obtención dos beneficios ós que se refire o artigo 4.2 deberán indicalo na solicitude, acreditando suficientemente as circunstancias que xustifican a súa pretensión.

**5.2.-** Previos os informes pertinentes, a Xunta de Goberno Local ditará resolución que, de ser favorable, executarase nos seus propios termos.

En todo caso, é facultade da Xunta de Goberno Local outorgar ou denegar as solicitudes e a resolución das incidencias sobre a preferencia no uso das instalacións, resolvéndose de forma motivada en base ós informes que procedan.

A resolución sobre a autorización ou denegación das solicitudes será notificada ós interesados e ós servizos encargados da súa execución.

**5.3.-** Esixirase o depósito do prezo público regulado nesta Ordenanza como mínimo 15 días antes da prestación de servizos e utilización solicitada, debendo efectuarse o pagamento no lugar que se sinale ó efecto. Unha vez autorizada a prestación do servizo e o uso das instalacións municipais, aplicarase a contía do depósito constituído e procederase a realizar os abonos ou esixir os importes complementarios que procedan.

En caso de denegación procederase á devolución do depósito.

A renuncia á actividade nun prazo inferior a unha semana antes da data autorizada ou non comparecencia non dará dereito á devolución ningunha, agás que fosen motivados por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas polo interesado, que serán valoradas pola Xunta de Goberno Local.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente Ordenanza foi aprobada, a súa redacción definitiva, en sesión plenaria de data 17 de outubro de 2017, e entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación definitiva, permanecendo en vigor ata a súa modificación o derrogación expresa.

**Data modificación actual:**

PUBLICADO BOP: 30/12/2013

PUBLICADO BOP: 30/12/2016

PUBLICADO BOP: 28/12/2017